



PLAN DIXITAL

CIFP Compostela

[Versión 1.1_ setembro 2022 (actualización datos)]
Aprobado por Consello Social 02/12/2022

Índice do Plan Dixital

1. **Introdución**
 - 1.1. Datos básicos do centro
 - 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
 - 1.3. Breve xustificación do mesmo
 - 1.4. Proceso de elaboración

2. **Situación de partida**
 - 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
 - 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
 - 2.3. Análise DAFO

3. **Plan de Acción**
 - 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
 - 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. **Avaliación do PD**
 - 4.1. Seguimento do Plan de Acción
 - 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. **Difusión do PD**

1. Introducción

O actual Plan Dixital do CIFP Compostela responde ao documento redactado co establecido na *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, plan que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*, iniciando a súa implementación no actual curso 2022-23 así como ao abeiro da *Resolución do 12 de setembro de 2022, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se convoca a selección de plans de formación permanente do profesorado que se van implantar en centros educativos públicos dependentes desta consellería no curso 2022-23*

Sobre a versión de xuño de 2022, actualízanse datos referidos ao apartado 1.1. *Datos básicos do centro*:

1.2 *Datos do CIFP Compostela.*

1.3 *Oferta educativa*

1.4 *Datos de alumnado e profesorado.*

1.5 *Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais.*

Sendo concedidos tanto o PLAMBE (Obxectivo 3) e o proxecto “Simuladores na aula de impresión” (Obxectivo 14), e promover a utilización de EduCalidade (Obxectivo 6)

Non sendo modificado o Plan Dixital e seguindo tendo , así como referentes o artigo segundo.3 da citada resolución:

- a. *“A transformación dixital dos centros educativos atenderá ás tres dimensións establecidos polo Marco Europeo de Organizacións Dixitalmente (DigCompOrg): pedagóxica, tecnolóxica e organizativa.*
- b. *O marco europeo propón unha análise do centro baseado en sete elementos: Infraestrutura, Liderado e Gobernanza, Ensino e Aprendizaxe, Desenvolvemento Profesional, Avaliación, Contidos e Currículo, así como Redes de Apoio e Colaboración. Cada centro poderá engadir outros elementos adecuados ás súas características específicas.”*

1.1. Datos básicos do centro

A continuación indícanse o datos básicos deste centro referidos ao curso 2022-23.

1.2. Datos do CIFP Compostela

CIFP Compostela – Código 15016000

Rúa Lamas de Abade 23-25

15702 Santiago de Compostela

Teléfono: 881 866570

Fax: 881866586

Enderezo electrónico: cifp.compostela@edu.xunta.gal

Enderezo web: www.cifpcompostela.gal

1.3. Oferta educativa

A oferta educativa no CIFP Compostela no presente curso **2022-23**:

2. Formación regrada

HOSTALARÍA E TURISMO

Oferta ordinaria

- Ciclos formativos de fp básica
 - [CBHOT01 Cociña e Restauración](#)
 - [CBHOT02 Aloxamento e lavandaría](#)
- Ciclos formativos de grao medio
 - [CMHOT01 Cociña e gastronomía](#)
 - [CMHOT02 Servizos en restauración](#)
- Ciclos formativos de grao superior
 - [CSHOT04 Dirección de cociña](#)
 - [CSHOT05 Dirección de servizos de restauración \(Ciclo Plurilingüe\)](#)
 - [CSHOT01 Xestión de aloxamentos turísticos](#)

Oferta modular

- Ciclos formativos de grao medio
 - [ZMHOT02 Servizos en restauración](#)
 - [ZMHOT01 Cociña e gastronomía](#)
- Ciclos formativos de grao superior
 - [ZSHOT04 Dirección de cociña](#)
 - [ZSHOT05 Dirección de servizos de restauración](#)
 - [ZSHOT01 Xestión de aloxamentos turísticos \(DISTANCIA\)](#)

ARTES GRÁFICAS

Oferta ordinaria

- Ciclos formativos de fp básica
 - [CBARG01-Artes gráficas](#)
- Ciclos formativos de grao medio
 - [CMARG01-Impresión gráfica](#)
 - [CMARG02 Preimpresión dixital](#)

Oferta modular

- Ciclo formativo de grao superior

[ZSARG01 - Deseño e xestión da produción gráfica](#)

INDUSTRIAS ALIMENTARIAS

Oferta ordinaria

- Ciclos formativos de grao medio
 - [CMINA01 Panadaría, repostaría e confeitaría](#)

SERVIZOS SOCIOCULTURALS E A COMUNIDADE

Oferta ordinaria

- Ciclos formativos de grao medio
 - [CMSSC01 Atención a persoas en situación de dependencia](#)
- Ciclos formativos de grao superior
 - [CSSSC01 Educación infantil](#)
 - [CSSSC02 Integración social](#)

Oferta modular

- Ciclos formativos de grao medio
 - [ZMSSC01 Atención a persoas en situación de dependencia](#)
- Ciclos formativos de grao superior
 - [ZSSSC01 Educación infantil](#)
 - [ZSSSC05 Promoción de igualdade de xénero \(DISTANCIA\)](#)
 - Dual (Servizos Grupo 9)

2.1. Datos de alumnado e profesorado:

Os datos que se indican pertencen a xuño de 2022 (polo tanto ao curso 2021-2022), datos que se deberán actualizar para a implantación do Plan Dixital cos referidos ao curso 2022-2023.

En canto ao total de alumnado:

ESTADÍSTICA DE MATRÍCULA POR ENSEÑANZA, QUENDA E GRUPO

Ano académico: 2022/2023

Ensinanza: **Todas**

Ano inicio: **Todos**

Curso: **Todos**

Réxime: **Todos**

Grupo: **Todos**

Ensinanza	Quenda	Grupo	Mulleres	Homes	Total
1º Aloxamento e lavandaría	Xornada continua	A	4	4	8
1º Artes gráficas	Xornada continua	A	7	7	14
1º Atención a persoas en situación de dependencia	Xornada continua	A	22	3	25
1º Cociña e gastronomía	Xornada continua	A	5	16	21
	Xornada continua	B	9	13	22
1º Cociña e restauración	Xornada continua	A	6	8	14
1º Dirección de cociña	Xornada continua	A	11	11	22
1º Dirección de servizos de restauración	Xornada continua	A	5	17	22
1º Educación Infantil	Xornada continua	A	30	0	30
1º Impresión gráfica	Xornada continua	A	8	13	21
1º Integración social	Xornada continua	A	27	2	29
1º Panadaría, repostería e confeitaría	Xornada continua	A	18	4	22
1º Preimpresión dixital	Xornada continua	A	14	9	23
1º Servizos en restauración	Xornada continua	A	8	16	24
1º Xestión de aloxamentos turísticos	Xornada continua	A	16	14	30
2º Aloxamento e lavandaría	Xornada continua	A	5	4	9
	Xornada continua	B	0	1	1
2º Artes gráficas	Xornada continua	A	5	2	7
	Xornada continua	B	2	1	3
2º Atención a persoas en situación de dependencia	Xornada continua	A	16	4	20
	Xornada continua	B	3	0	3
2º Cociña e gastronomía	Xornada continua	A	2	15	17
	Xornada continua	B	4	12	16
	Xornada continua	C	1	1	2
2º Cociña e restauración	Xornada continua	A	4	12	16
	Xornada continua	B	2	0	2
2º Dirección de cociña	Xornada continua	A	9	12	21
	Xornada continua	B	0	4	4
2º Dirección de servizos de restauración	Xornada continua	A	8	5	13
	Xornada continua	B	0	3	3
2º Educación Infantil	Xornada continua	A	26	3	29
	Xornada continua	B	1	2	3
2º Impresión gráfica	Xornada continua	A	8	9	17
	Xornada continua	B	1	1	2
2º Integración social	Xornada continua	A	23	6	29
	Xornada continua	B	3	0	3
2º Panadaría, repostería e confeitaría	Xornada continua	A	7	3	10
	Xornada continua	B	1	0	1
2º Preimpresión dixital	Xornada continua	A	6	9	15
	Xornada continua	B	1	4	5

ESTADÍSTICA DE MATRÍCULA POR ENSEÑANZA, QUENDA E GRUPO

Ano académico: 2022/2023

Ensinanza: Todas

Ano inicio: Todos

Curso: Todos

Réxime: Todos

Grupo: Todos

Ensinanza	Quenda	Grupo	Mulleres	Homes	Total
2º Servizos en restauración	Xornada continua	A	3	6	9
2º Xestión de aloxamentos turísticos	Xornada continua	A	15	8	23
	Xornada continua	B	1	2	3
(A)-Atención a persoas en situación de dependencia	Nocturno	A	29	11	40
	Nocturno	B	6	2	8
(A)-Cociña e gastronomía	Nocturno	A	5	16	21
	Nocturno	B	8	0	8
	Nocturno	D	4	9	13
(A)-Deseño e xestión da produción gráfica	Nocturno	A	15	8	23
(A)-Dirección de cociña	Nocturno	A	18	13	31
	Nocturno	B	4	3	7
	Nocturno	D	5	15	20
(A)-Dirección de servizos de restauración	Nocturno	A	5	4	9
	Nocturno	B	0	1	1
(A)-Educación infantil	Nocturno	A	62	8	70
	Nocturno	B	22	2	24
(A)-Panadaría, repostaría e confeitaría	Nocturno	A	1	3	4
(A)-Promoción de igualdade de xénero	Nocturno	A	49	3	52
(A)-Servizos en restauración	Nocturno	A	0	5	5
	Nocturno	B	1	0	1
	Nocturno	D	2	7	9
	Nocturno	E	0	2	2
	Nocturno	A	117	28	145
(A)-Xestión de aloxamentos turísticos	Nocturno	B	8	1	9
	Nocturno	D	12	4	16
	Nocturno	E	10	4	14
	Totais:			730	415

Conformando o **Claustro** nestes momentos: 50 mulleres e 45 homes: Total 95

E tendo en **Persoal de Administración e Servizos** (Limpeza, Subalternos/as, Administrativos, Encargada/o almacén,: Limpeza, Mantemento, Coidadora e Auxiliar de Conversa): 21 mulleres e 6 homes: 27

2.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O Cifp Compostela, acolle a alumnado de todo Galicia e de fora de Galicia no caso da oferta de distancia, pero preferentemente da cidade e dos concellos limítrofes como: Val do Dubra, Trazo, Oroso, Frades, O Pino, Touro, Boqueixón Teo, Ames, Brión; pertencentes as comarcas de : O Sar, Ordes, Arzúa e Terras de Melide.

A cidade de Santiago de Compostela é a capital da comunidade autónoma de Galicia. Pertencente á provincia da Coruña, declarada en 1985 Patrimonio Cultural da Humanidade pola Unesco, Cidade Europea da cultura no 2020 e é o final do Camiño de Santiago, xa que a súa Catedral alberga o sepulcro do Apóstolo Santiago. O municipio ten unha extensión de 223 km² que, ademais da cidade, se reparten en 29 parroquias rurais e cun marcado espírito internacional e europeo en particular.

Santiago ten unha poboación de 97.260 persoas (INE, 2019), das cales 44.915 son homes e 52.345 mulleres, cunha idade media de 44,68 anos (42,78 no caso dos homes e 46,31, no das mulleres).

Esta é a súa poboación de dereito, porén, Santiago ten unha poboación de feito superior aos 126.000 habitantes. Estas son persoas que, malia que residen noutros municipios limítrofes ou próximos a Santiago, acoden diariamente a traballar a Compostela, ao ser esta o centro administrativo máis importantes de Galicia. Tamén cabe mencionar dentro da poboación flotante os estudantes da USC. Cidade Patrimonio da Humanidade e meta do Camiño de Santiago, ademais de Cidade Europea da Cultura, Santiago de Compostela é un destino privilexiado para o turismo cultural, relixioso e de peregrinación con máis de 350.000 peregrinos no ano 2019 , superando o total de medio millón de visitantes.

Por estas razón e un dos principais puntos de Galicia en demanda de profesionais do sector da hostalería e turismo para cubrir as necesidades dos máis de 200 restaurantes e máis de 50 hoteis e hostais.

Dentro deste contexto o Plan Dixital contribuirá a innovación, actualización e dinamización da súa labor docente e do proceso ensino aprendizaxe nas distintas Familias Profesionais do noso CIFP; influíndo así mesmo na internacionalización do mesmo, así como, a mellorar a xestión nalgunhas áreas do Persoal de Administración e de Servizos.

Este Plan, como se pode comprobar nos obxectivos do seu Plan de Acción (apartado 3, páxina 18) está estreitamente ligado ao Plan Anual de Formación, A Coordinación de Bibliotecas, afectará a programación dalgún módulo, ao seguimento de FCT, á implementación de distintos programas informáticos (Hostalería e Servizos) e do espazo multisensorial do CIFP, incorporar a este proceso de dixitalización o proxecto concedido (Simuladores na aula de impresión) para a conversión de aulas tradicionais en tecnoloxía aplicada, xestión de procedementos administrativos vía web e incorporar a dixitalización Erasmus como obxectivo¹

Contemplando accións para todas as Familias Profesionais e tentando presentar un programa equilibrado con influencia no CIFP e que supoña un avance para o mesmo.

¹ Dixitalización implementada dende o SEPIE e ERASMUS+ para todos os colaboradores.

2.3. Breve xustificación do mesmo

Como xa se indicou na Introducción este Plan preséntase ao abeiro da **Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, plan que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia par ao curso 2021-2022**. Resolución que ten por obxecto establecer as medidas de actuación relativas ao deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital para o curso 2021-2022, nos centros docentes sostidos con fondos públicos correspondentes ao ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia, así como definir os principios, obxectivos e referentes que o deben guiar e o proceso de redacción, a temporalización, o sistema de coordinación e determinando os recursos que se van empregar neste proceso.

Atendendo, ademais, este plan as seguintes referencias legais:

- A LOE, **Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo**, de Educación, onde se establece:

Artigo 111 bis Tecnoloxías da Información e comunicación.

1.As condicións nas que se debe desenvolver a xestión dos datos académicos do alumnado de xeito que se cumpran os protocolos de protección de datos e se empreguen formatos que garantan a interoperabilidade entre os diferentes sistemas empregados no sistema educativo estatal.

Faise referencia aos contornos virtuais de aprendizaxe, as características destes e ao seu emprego dentro da vida académica.

5.Faise fincapé na necesidade de que as diferentes administracións educativas promovan o emprego das tecnoloxías da información e a Comunicación como método axeitado e valioso para levar a cabo tarefas de ensino e aprendizaxe procurando a eliminación de condutas de risco.

As administracións educativas revisarán os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado de xeito que se facilite a implantación dunha cultura dixital nas aulas.

As administracións educativas velarán polo acceso de todo o estudiantado aos recursos dixitais precisos que garantan a igualdade de oportunidades entre todos os escolares.

Artigo 121 O proxecto educativo de Centro²

O proxecto educativo de centro recollerá así mesmo a estratexia dixital do centro de acordo co establecido no artigo 111bis.5.

Artigo 132 competencias da dirección dos centros

Inclúe dentro das competencias das persoas directoras promover a innovación e experimentación con novos métodos de ensino encamiñados a acadar os obxectivos propostos no PEC.

A este respecto indicar que no Plan Anual deste CIFP xa se encontraba contemplado com OE8 *Mellora a capacidade dixital do centro con repercusión no alumnado* (Obxectivo estratéxico da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional)

Tendo en conta, en particular o desenvolvemento dos Ciclos formativos no presente curso:

Resolución do 18 de xuño de 2021 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2021/22.

Establecendo na disposición adicional terceira. Plan dixital de centro: *“Os centros docentes elaborarán no curso 2021/22 o seu plan dixital de acordo coas instrucións que se diten”.*

² Lémbramos que no caso do CIFP, será contemplado no Plan Anual.

E, no caso concreto do Centros Integrados de Formación Profesional:

Deberemos tamén tomar en conta que todos os centros integrantes da rede de Centros Integrados de FP de Galicia, están certificados na norma UNE-EN ISO 9001, así a súa xestión interna está sometido a un SXC que abrangue todas as funcións do persoal do centro, tal e como se recolle no regulamento de Centros Integrados establecido polo *Decreto 77/2011, do 7 de abril, polo que se establece o Regulamento orgánico dos centros integrados de formación profesional competencia da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria*. e que isto supón unha organización e xestión documental propia.

Así atendendo ao ***Decreto 77/2011, do 7 de abril, polo que se establece o regulamento orgánico dos centros integrados de formación profesional competencia da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria***:

Na súa introdución adiántanos que; *O avance continuo das tecnoloxías e a globalización dos mercados fan que as estratexias coordinadas para o emprego que postula a Unión Europea se orienten con especial énfase cara á obtención dunha poboación activa cualificada e apta para a mobilidade e a libre circulación, e así se recolle expresamente no Tratado da Unión Europea* indicándonos que:

Artigo 11.3: De calidade e innovación:

- c. Fomentar e planificar o deseño de proxectos de uso pedagóxico das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) e de proxectos de innovación e investigación relacionados con estas tecnoloxías.
- e. Coordinar e fomentar o uso das novas tecnoloxías no ámbito do centro para a mellora da calidade das ensinanzas impartidas, así como coordinar e xestionar a implantación e o desenvolvemento da plataforma dixital e da aula multimedia do centro
- f. Supervisar e coordinar o mantemento do equipamento do centro relacionado coas tecnoloxías da información e da comunicación

Artigo 26. Departamento de calidade e innovación. 3. Son competencias deste departamento:

- c. Dirixir e coordinar as actividades referidas á innovación educativa e tecnolóxica, así como proxectos de investigación, e a súa transferencia nos procesos empresariais e nas súas aplicacións didácticas.
- f. Velar polo perfecto funcionamento da plataforma dixital e, de ser o caso, da aula multimedia do centro

Artigo 35. Funcións do coordinador ou coordinadora de TIC

- b) Fomentar a participación do profesorado do centro na creación de proxectos e actividades de I+D+I, co uso das novas tecnoloxías e a súa difusión no centro
- c) Establecer relacións con administracións, entidades, empresas e institucións para o desenvolvemento de actividades ou proxectos relacionados coas novas tecnoloxías.
- i) Promover a biblioteca como un espazo común, de uso e intercambio de experiencias das tecnoloxías da información e da comunicación, en colaboración coa persoa encargada da coordinación da biblioteca do centro integrado.

Funcións e organización que redundou nun bo punto de partida para o Plan Dixital deste CIFP en particular.

2.4. Proceso de elaboración

O proceso de elaboración comeza tal e como establece o Resolución do 3 de setembro de 2021 definindo o Equipo responsable do Plan Dixital, constituído por:

Alonso Castro, M^a Joaquina (Coordinadora)

Cañete Quiñoy, Juan Manuel

Cao Brey, Paula

Esparís Sampedro, Ramiro

Fuente Daparte, Manuel.

Presentando en prazo a solicitude nos Plans de Formación Permanente de Profesorado en Centros educativos onde se especificou: Membros do equipo de formación. Liñas de actuación. Obxectivos xerais. Relación total de participantes no plan. Itinerario (Itinerario 1. Plan Dixital do centro.), Criterios e indicadores de avaliación da aplicación e impacto, Aplicación no centro, Medidas organizativas internas previstas se fose necesario e Seguimento e avaliación do Plan.

Coordinaron e titorizaron este proceso de elaboración:

Coordinadora CAFI: Irene Vidal

Mentora ADIX: Ángela Novo

Comeza este proceso coas indicacións para a organización e xestión do PFPP por parte da Coordinadora do CAFI (Irene Vidal) e a Coordinadora do Plan (M. Joaquina Alonso) e as orientacións da mentora do CIFP Compostela para alta na Aula Virtual Formación ADIX e orientacións para organización do SELFIE. Actuacións, estás últimas, que foron organizadas en principio por Paula Cao e en 26-11-2021 proporciónanse os datos de acceso á coordinadora tanto da aula virtual como da enquisa SELFIE.

Comezando, por tanto, no PFPP coa **Analise da situación do centro:**

Fase I: Análise e diagnose de situación dos centros.

Reunión 25/11/2022: Acordos: Alta enquisa SELFIE e organización por colectivos (aula virtual CIFP Compostela).

Reunión 26/11/2021: Envío enlace e lanzamento da enquisa con data 30/11/2022

Reunión 14/01/2022: Revisión % da Enquisa SELFIE, envío documento .pdf por correo electrónico a todos os membros do equipo.

Reunión 04/02/2022: Lanzamento do Cuestionario CDD e datas de recordatorio (lanzamento 08/02/2022 e recordatorio ao claustro 22/02/2022)

Reunión 16/02/2022: Tras a reunión coa mentora ADIX, aceptáanse os % de participación SELFIE e acordase realizar unha análise para a redacción da DAFO

Reunión 26/04/2022: Redacción da DAFO con organización por áreas diferenciadas por cores e liñas prioritarias par o curso 2022-23 en cursiva e organizar as propostas para a redacción do Plan de Acción

Fase II: Deseño e elaboración do Plan Dixital

Reunión 13/05/2022: Revisión e posta en común do Plan de Acción (con obxectivos supeditados á solicitude e posible concesión do PLAMBE e concesión dalgún proxecto presentados ao abeiro da Resolución 08 de marzo de 2022)

Formación Webex ADIX:

DAFO: 17/03/2022

Redacción Plan Dixital: 06/04/2022

Aula Virtual ADIX Santiago1:

Fase I: de análise e diagnose de situación dos centros

Entregado Informe resultados SELFIE o 21/12/2022

Entregado Informe grupal CDD o 15 de marzo 2022

Entrega DAFO: 02/05/2022 (consultado coa mentora o retraso na entrega)

Fase II: Deseño e elaboración do Plan Dixital

Entrega Plan de Acción: 22/05/2022

Entrega da redacción do documento Plan Dixital.

3. Situación de partida

3.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Este centro conta con rede WIFI corporativa instalada e operativa (con acceso alumnado) en todo os edificios e aulas (con problemas de conectividade / acceso nalgún momento, acción a mellorar nesta plan).

Os equipos informáticos do profesorado (aulas, sala profesores, despachos, departamentos, aulas de informática e videoconferencia así como os persoal de administración teñen conexión por cable).

A xestión documental interna neste curso realizouse a través de Servidor propio e, de novo, é unha acción de mellora neste Plan.

En canto á infraestutura contamos, conectado por cable, (ademais de canón PC de profesorado en todas as aulas): Dúas aulas de informática no Edificio Central do CIFP con 22 postos cada unha, aula de videoconferencia no Edificio Central con 36 postos; Aula 112 de AAGG con 22 PC, Laboratorio con 23 PC, Sala de ordenadores 1 con 16 PC, aula FP Básica 18 PC, 5 PC en Offset e 5 en Serigrafía, 1PC na Biblioteca do Edificio Central, 8 na Sala de profesores, 2 na Biblioteca de SSCC e os PC de Secretaría (2) e de Conserxería (1), así como, os distintos equipos instalados nos Departamentos. Con distintas dificultades de acceso e administración xa contempladas neste plan.

Con acceso WIFI: Carros con ordenadores nas aulas de SS CC e nas aulas 4, 115, 202 e 209; pizarras pizarra multitáctil e-Blackboard Odin instaladas en: Aula taller de Educación Infantil, Laboratorio de Artes Gráficas, Aula 4 de Xestión de Aloxamentos Turísticos e aula comedor de Hostalería e Turismo.

Colaboramos no préstamo de equipo e conexión para todo aquel alumnado que o precise con Acordo de Cesión enmarcado dentro do programa “Educa en Dixital Galicia”, asinado pola Xunta de Galicia, Red.es e o Ministerio de Educación e Formación Profesional

Contamos, así mesmo, con espazo multisensorial e un proxecto concedido de Simuladores en Artes Gráficas. Dotación da que se posúe inventario (Área de Administración do CIFP).

En esta apartado gustaríanos indicar como punto de partida, así mesmo, o uso xeralizado da Aula Virtual Moodle do CIFP Compostela, con aulas abertas para todos os módulos (con una estruturas organizativas por Familias Profesionais, oferta e cursos): <http://www.edu.xunta.gal/centros/cifpcompostela/aulavirtual/>

Ademais de cursos para o alumnado do Cursos de Especialización e Máster de Secundaria, para ao acceso a distinta documentación do CIFP (neste momento en oculto e sen matrícula), curso para o Plan de Igualdade, Acreditación de Competencias e o Curso AFD de Serivzos Socioculturais e á Comunidade; contemplado neste Plan xeralizar a titorización da FCT mediante Moodle.

Contamos así mesmo con páxina web: www.cifpcompostela.gal con posibilidades de xestión documental interna (de novo acción de mellora contemplada nesta Plan); estamos nas redes sociais Instagram, Twitter e Facebook.

En canto á documentación o noso [NOF](#) contempla un apartado de “Desenvolvemento ensino a distancia e ensino presencial con apoio en aula virtual” onde están estipuladas as normas xerais e desenvolvemento das actividades, así como un apartado de normas para as “Actividades complementarias á formación online”, e como todos os centros, contou co [Plan de ensino virtual e Plan de Contixencia](#).

Este centro conta cun servizo de mantemento e reparación externo e, obviamente, a UAC para distintas incidencias.

3.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Tomamos en primeiro lugar os datos da autoavaliación SELFIE do que presentamos, a continuación, o *Resumo das áreas*, coa media de resposta para cada grupo (equipo directivo, profesorado e alumnado) para cada unha das 8 áreas:

Areas	Grupos	Ensinanzas
		FP
A -Liderado	Equipo Direct.	3,1
	Profesorado	2,8
	Alumnado	----
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2,4
	Profesorado	2,6
	Alumnado	2,6
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3,3
	Profesorado	3,2
	Alumnado	3,1
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3,2
	Profesorado	3
	Alumnado	--
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3,2
	Profesorado	3,6
	Alumnado	4
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	2,8
	Profesorado	3,2
	Alumnado	3,4
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2,5
	Profesorado	2,9
	Alumnado	2,9
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	2,8
	Profesorado	2,5
	Alumnado	2,9

Ademais dos resultados obtidos no Test CDD dos que se detalla un resumo:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	23	56	41,1%
PROVISIONAL	3	6	50%
INTERINO	10	22	45,5%
SUBSTITUTO	2	10	20%
DESPRAZADO	--	--	--

Do persoal definitivo: Realizaron o test 23 docentes do total de 56 que foron convidados neste perfil. É dicir o 41,1% do profesorado Definitivo.

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
73,8	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/as (B1)

A puntuación media no Test CDD de seu centro foi de 73,8 sobre 192, polo tanto obtivo un nivel Integrador/a (B1).

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
F.P	73,2	Integrador/a (B1)	80,3	Integrador/a (B1)

Na etapa de CF: A puntuación media no Test CDD do CIFP Compostela foi de 73,2 sobre 192, polo tanto obtivo un nivel de Integrador/a (B1).

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	2	5,3%
A2	14	36,8%
B1	11	28,9%
B2	9	23,7%
C1	2	5,3%
C2	--	--
TOTAL	38	100%

Dos 38 docentes do CIFP Compostela que participaron no test CDD obtivemos os seguintes resultados:

- 2 teñen un nivel de competencia dixital Principiante (A1), é dicir, o 5,3%.
- 14 teñen un nivel de competencia dixital Explorador/a (A2), é dicir, o 36%

Así, para a análise DAFO que se indica no apartado seguinte 2.3, tivéronse en conta os resultados da Autoavaliación SELFIE; os resultados obtidos no test CDD e distinta información do CIFP: Oferta educativa, dotación actual e prevista, situación da Aula Virtual do CIFP Compostela, dixitalización ERASMUS+, presentación de proxectos de conversión de aulas e PLAMBE, consulta e grado de utilización da xestión documental a través da páxina web do CIFP: www.cifpcompostela.gal entre outros e, obviamente, o descrito como situación de partida descrita no apartado 2.1 (páx. 12)

3.3. Análise DAFO

Así, o CIFP Compostela concluíu coa seguinte análise DAFO como parte da **Fase II: Diseño e elaboración do Plan Dixital** e que facilitou a elaboración do Plan de acción para abordar no curso 2022-23 a **Fase III: Implementación, seguimento e avaliación do Plan Dixital**.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	Dispositivos dixitais para a ensinanza Dispositivos dixitais para a aprendizaxe**** Tecnoloxías asistenciais Fenda dixital: apoio para abordar retos Emprego de contornos virtuais de aprendizaxe*** Recursos educativos abertos Alto nivel de uso da Aula virtual do CIFP Compostela Documentación da aprendizaxe ****	Biblioteca / repositorios en liña. Utilizar as tecnoloxías de forma ética* Consulta da web (fomentar a súa consulta)
	PERSOAL DOCENTE	Normas sobre dereito de autor e licenzas de uso* Novas modalidades de ensinanza Dispositivos dixitais para a ensinanza Protección de datos* Dispositivos dixitais para a aprendizaxe**** Tecnoloxías asistenciais Fenda dixital: apoio para abordar retos Participación no DPC	Sinerxias para o aprendizaxe mixto Debate sobre o uso da tecnoloxía Avaliación do proceso Biblioteca / repositorios en liña. Utilizar as tecnoloxías de forma ética* Necesidade de DPC Intercambio de experiencias Nivel de competencia integrador (B1)

	<p>Creación de recursos dixitais <i>Emprego de contornos virtuais de aprendizaxe***</i> Comunicación coa comunidade educativa Recursos educativos abertos <i>Adaptación ás necesidades do alumnado</i> Implicación do alumnado <i>Colaboración do alumnado</i> <i>Proxectos interdisciplinares</i> Alto nivel de uso da Aula virtual do CIFP Compostela Formación xeralizada do Claustro Avaliación das capacidades Documentación da aprendizaxe **** Habilidades dixitais do profesorado para diferentes materias</p>	<p>Orientación profesional <i>Avaliación dixital</i> Autorreflexión sobre a aprendizaxe Comentarios a outros/as alumnos/as sobre o seu traballo Emprego de datos ara mellorar a aprendizaxe <i>Comportamento seguro</i> Creación de contidos dixitais (profesorado) Habilidades dixitais do alumnado para diferentes materiais Aprender a codificar ou programar Habilidades para a cualificación profesional Consulta da web</p>
PERSONAL NON DOCENTE	<p><i>Normas sobre dereito de autor e licenzas de uso*</i> Protección de datos* Dispositivos dixitais para a aprendizaxe*****</p>	
